



Acta da Comisión de Garantía Interna de Calidade da Escola de Enxeñaría de Minas e Enerxía do 19 de outubro de 2022

Anexos:

- I. Convocatoria da CGIC do 19/10/2022
- II. Asistentes á CGIC do 19/10/2022
- III. Rexistro *R1-MC02 Informe de QSP periódico (curso 2021/2022)*
- IV. Rexistro *R1-MC05 Informe de Resultados de Satisfacción Propios do centro (curso 2021/2022)*
- V. Informe Anual de Promoción das titulacións do centro (curso 2021/2022), correspondente ao rexistro R1-DO0202 Plan de promoción do centro
- VI. Rexistros R3-DO0201 P1 Informes de Coordinación das titulacións do centro:
 - a. R3-DO0201 P1 Informe de Coordinación do GEE
 - b. R3-DO0201 P1 Informe de Coordinación do GERME
 - c. R3-DO0201 P1 Informe de Coordinación do MUEM.

Ábrese a sesión ás 12 horas, en segunda convocatoria, na Sala de Xuntas do módulo de dirección da EE Minas e Enerxía, presidida pola Presidenta, Dona Elena Alonso Prieto, e trátanse os seguintes puntos da orde do día:

- 1. Aprobación, se procede, da acta da sesión anterior: ordinaria celebrada o 12 de xullo de 2022.**

Enviouse por correo electrónico xunto coa convocatoria desta CGIC.

Apróbase por asentimento e será publicada na sección INICIO / CALIDADE / COMISION DE CALIDADE da web do centro:

<http://minaseenerxia.uvigo.es/gl/escola/ordenacion-interna/comision-de-calidade/>

2. Informe do Coordinador

O Coordinador de calidade comenta as principais incidencias dende a sesión anterior:

- **Selo EUR-ACE (Máster Universitario en Enxeñaría de Minas):**
 - ✓ 27 xullo: comunicación das materias e TFMs seleccionados pola Comisión para as segundas evidencias
 - ✓ 2 agosto: achega á Comisión das listaxes de cualificacións das materias seleccionadas
 - ✓ 19 setembro: comunicación do estudantado seleccionado pola Comisión para as segundas evidencias
 - ✓ 28 setembro: achega das segundas evidencias á Comisión
 - ✓ 29 setembro: a Área de Calidade informa que a visita virtual da comisión terá lugar o 17 de novembro.
 - ✓ A finais de setembro publícase un anuncio do proceso tanto na web como nas pantallas e taboleiros do centro.
- **Comunicacións da Área de Calidade – Programa DOCENTIA**
 - ✓ Convocatoria Quinquenal 14-15 a 18-19: achegouse resolución provisional aos solicitantes.
 - ✓ Pendente achega do informe de resultados do PDI do centro (8 solicitudes) e recollelo no rexistro R2-PE02 P1 Informe de responsables académicos.
- **Comunicacións da Área de Calidade – Seguimento interno das titulacións oficiais do curso 2021/2022**
 - ✓ 14 outubro: convocatoria do programa. Avaliaranse os centros que non estean acreditados institucionalmente nin inmersos nun proceso de avaliación externa coordinado por ACSUG; o resto dos centros poderán solicitar a súa avaliación voluntaria.
- **Comunicacións da Unidade de Análises e Programas / Publicacións PT**
 - ✓ 2 setembro: publicación no Portal de Transparencia dos indicadores relativos á Oferta e demanda académica correspondentes ao curso 2021/2022 (preferencia, ocupación, nota de corte...).
 - ✓ 13 setembro: comunicación da modificación do Regulamento do Sistema de Queixas, Suxestións e Parabéns da Universidade de Vigo.
- **EAFP:**
 - ✓ 9 setembro: comunicación do prazo preinscrición do Curso práctico de aula invertida, un dos cursos solicitados dende o centro no proceso de detección de necesidades do PDI.

➤ PAT e Coordinación – espazos MooVi para o curso 2022-23

- ✓ 18 xullo a 3 agosto: últimos axustes de configuración e creación dos espazos.
 - 8 espazos INFO de **Información e Orientación** ao alumnado (un por curso e titulación agás nos cursos comúns dos graos)
 - 1 espazo EME-PROF para a **Coordinación do profesorado** (organizado tamén por cursos e titulacións).
- ✓ 1 a 12 setembro: comprobación e depuración dos espazos creados.
- ✓ 15 setembro: reunión dos equipos de coordinación e titorización de PAT para planificar as tarefas anuais de orientación e de coordinación e para presentar os espazos habilitados en Moovi.
- ✓ 16 setembro: importación da información nos espazos INFO e posta a disposición dos titores PAT para a súa persoalización e apertura ao alumnado.
- ✓ 20 a 22 setembro: revisión e depurado duns erros na carga do alumnado e a súa asignación aos grupos creados nos espazos INFO.

Agradécese a colaboración de Marcelino Meana (do equipo de soporte Moovi) en todo o proceso.

➤ Novo alumnado curso 2022/2023:

- ✓ GEE: 47 estudantes de nova matrícula
- ✓ GERME: 11 estudantes de nova matrícula
- ✓ MUEM: 5 estudantes de nova matrícula e 4 pendentes de formalizala.

Hai 4 estudantes dos graos que poderían non ser considerados de nova matrícula.

➤ Rexistros na plataforma do SGIC - Curso 2021-2022:

- ✓ Pendentes:
 - **R2-PE02 P1 - Informe de responsables académicos** (31/03/22), á espera da publicación dos resultados por centros do programa DOCENTIA quinquenal (14/15 a 18/19).
 - **R4-DO0201 P1 - Procedemento para o seguimento e control da docencia** (30/06/22); a súa actualización atópase en fase de estudo, aínda que no curso 2021-22 non se recolleron incidencias destacables.

➤ **Accións de Mellora (AM) na plataforma do SGIC:**

- ✓ Na revisión das AM detectouse un erro na asignación do seu ano académico na plataforma, téndose consignado o curso ao que corresponde o IRPD no que se definen en lugar do curso da súa elaboración.
- ✓ Decídese corrixilo en todas as AM que aínda non estaban pechadas antes da elaboración do IRPD 2020-21, sumándolles un curso nos campos *SGIC* e *Ano académico* na plataforma do SGIC.
- ✓ Posteriormente, introducirase na plataforma o seguimento das AM efectuado no IRPD 2020-21 aprobado este ano xunto cun chequeo xeral das datas de revisión, posto que se atoparon algunhas xa pasadas ou erróneas.

Agradécese a colaboración de Carmen Romo na xestión das AM na plataforma.

3. Aprobación, se procede, do rexistro R1-MC02 Informe de QSP periódico (curso 2021/2022).

A Presidenta sinala que no curso 2021/2022 non se rexistrou ningunha queixa, suxestión nin parabén no sistema QSP, feito que se recolle no correspondente rexistro (ANEXO III).

Apróbase o rexistro por asentimento.

4. Aprobación, se procede, do rexistro R1-MC05 Informe de Resultados de Satisfacción Propios do centro (curso 2021/2022).

A Presidenta sinala que o centro deseñou un indicador específico propio relativo ao proceso de elaboración do TFG/TFM co obxectivo de dispor dunha valoración do desenvolvemento destas materias, dado que a UVIGO non ten habilitada enquisa con carácter xeral para este cometido. A continuación amosa o informe (ANEXO IV) e o comenta, facendo fincapé na valoración dos resultados e nas iniciativas que poden tomarse para paliar as carencias sinaladas.

Apróbase o rexistro por asentimento.

5. Aprobación, se procede, do documento Informe Anual de Promoción das titulacións do centro (curso 2021/2022), correspondente ao rexistro R1-DO0202 Plan de promoción do centro.

A Presidenta sinala que o rexistro (ANEXO V) recolle un resumen das actividades de promoción do centro desenvolvidas ao longo do curso pasado e das que xa se foi informando en Xunta de Escola a medida que se realizaron. Amosa o informe e o comenta brevemente, salientando a valoración final e as cifras de alumnado atendido nos diferentes tipos de actividades.



O informe inclúe como anexo o segundo volume da revista *Minerxía*, que recolle a información básica da vida académica do centro.

Sinala que o informe e a revista foron elaborados por Santiago Pozo, responsable do Plan de Promoción e Coordinador da Comisión de Difusión do Centro, a quen agradece o traballo e a súa dedicación á difusión do centro. Estende o agradecemento a todas as persoas que colaboraron e participaron nas actividades.

A Comisión aproba por asentimento o documento.

6. Aprobación, se procede, dos rexistros do procedemento DO0201 Planificación e desenvolvemento das ensinanzas:

- *R3-DO0201 P1 Informes de Coordinación do curso 2021-2022 de cada unha das titulacións impartidas no centro*

A Presidenta sinala que os informes de coordinación (ANEXO VI) foron achegados con antelación, indica a súa estrutura e contidos e salienta os seus principais aspectos.

Apróbanse por asentimento os informes de coordinación das tres titulacións.

A Presidenta agradece o traballo realizado ás persoas coordinadoras de curso, titulación e calidade.

7. Rogos e Preguntas.

Ana Rodríguez pregunta se se sabe algo da planificación das Enquisas de Avaliación Docente do primeiro cuadrimestre. A Presidenta responde que se trasladará a consulta á Área de Calidade.

Sen máis asuntos que tratar, levántase a sesión ás 13 horas e 3 minutos do día de hoxe, do que como Secretario dou fe en Vigo, a dezanove de outubro de dous mil vinte e dous.

Vº e Prace

A Presidenta

Elena Alonso Prieto

O Secretario

Guillermo García Lomba



ANEXO I

Convocatoria da CGIC do 19/10/2022



ANEXO II

Asistentes á CGIC do 19/10/2022



Asistentes á Comisión de Garantía Interna de Calidade do 19 de outubro de 2022	
Elena Alonso Prieto	Presidenta / Directora
Guillermo García Lomba	Secretario / Coord. Calidade
Francisco Javier Deive Herva	Coordinador Grao EE
Generosa Fernández Manín	Enlace Igualdade
Ana Rodríguez Rodríguez	Calidade Máster EM
M ^a Carmen Romo Pérez	Repr. da Administradora do centro
Escusan a súa ausencia	
Luisa Álvarez Zaragoza	Repres. do Estudantado Egresado
María Araújo Fernández	Coordinadora Grao ERME
Carmen Filgueira Sánchez	Representante do Alumnado
Elena González Rodríguez	Representante do PDI
Diego López González	Representante da Sociedade



ANEXO III

Rexistro R1-MC02 Informe de QSP periódico (curso 2021/2022)



ANEXO IV

**Rexistro R1-MC05 Informe de Resultados de Satisfacción Propios do
centro (curso 2021/2022)**



ANEXO V

Informe Anual de Promoción das titulacións do centro (curso 2021/2022), correspondente ao rexistro R1-DO0202 Plan de promoción do centro



ANEXO VI

Rexistro R3-DO0201 P1 Informes de Coordinación das titulacións do centro:

- a) R3-DO0201 P1 Informe de Coordinación do GEE
- b) R3-DO0201 P1 Informe de Coordinación do GERME
- c) R3-DO0201 P1 Informe de Coordinación do MUEM